Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 138. Xullo 2017. Distribución gratuíta

CCA Melide CentroComercialAberto ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
Oposición en Melide á localización das caldeiras de biomasa P5

COMARCA
O PSOE de Melide reclama máis efectivos para a Policía Local P12

CULTURA
O VIII Encontro Interxeracional de Charamela celebraráse o 29 de xullo P19

ENTREVISTA

Cristina Magnín, MAGNÍN P23

A campaña do comercio galego Días Azuis deixa dous premios en Melide

Alicia Oro Pazo e María Pilar Sánchez Casanova foron as gañadoras dos premios que a campaña da Federación Galega de Comercio deixou en Melide. Á entrega de premios asistiron o presidente e a xerente de Asetem CCA, Manuel Vázquez e Pilar López, que estiveron acompañados polo presidente da Federación, José María Seijas, e a Directora Xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez Abeal. En toda Galicia repartíronse 68 premios. P3

A rede de calor por biomasa estará operativa este ano

O proxecto, que pretende mellorar a eficiencia enerxética e reducir a contaminación, contempla a construción dunha sala de caldeiras na zona da Martagona. P4

Medalla de Ouro para o IES de Melide e a biblioteca

A máxima distinción institucional que outorga o Concello de Melide tivo en conta este ano o labor educativo e cultural desenvolvido por ambas institucións. P11

JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Mellor previr que lamentar



Viñeta de Luis Davila

O ritmo ao que vivimos hoxe en día fai que sucesos como o incendio que tivo lugar en Portugal hai escasamente un mes, e no que faleceron máis de 60 persoas, nos soe moi lonxe no tempo. O peor é que nin foi hai tanto, nin o monte deixará de arder. Verán tras verán repítese a mesma escena en toda España e, con demasiada asiduidade, en Galicia tamén.

A similitude do terreo entre Portugal e Galicia con quilómetros e quilómetros de plantacións de eucaliptos fainos pensar na necesidade de aplicar con maior dureza o cumprimento da Lei de Montes, que establece unhas distancias mínimas entre plantacións e vivendas ou estradas, e que na maioría dos casos non se respecta.

Pero non só iso. As institucións responsables con competencias en materia de incendios deben garantir un mínimo de seguridade e traballar na prevención ao longo de todo o ano e non só durante as "campañas de incendios". Porque os montes galegos non só arden do 1 de xullo ao 30 de setembro por moito que estea establecido como época de alto risco.

Trala traxedia acontecida en Portugal, numerosos expertos sinalaron que se podería haber evitado de chegar a aplicarse unha política de prevención máis activa, vixiando e controlando as plantacións de eucaliptos e creando barreiras naturais de protección contra o lume nas aldeas.

Despois deste aviso, entidades e administracións, e tamén a sociedade galega en xeral, debemos contribuír á prevención. Ben sexa a través do cumprimento da lei ou de outro tipo de medidas como a substitución de especies foráneas por outras menos invasoras, ou o pastoreo de montes.

Na nosa comunidade existe un grave problema cos incendios (e non só á hora de extinguilos), e tamén co eucalipto. Tendo en conta isto, hai que buscar unha solución antes de que ocorra unha desgraza como a de Portugal, porque despois da traxedia non haberá mangueira nin rezo que chegue para apagar o lume.

Tribuna de opinión

Un uso compartido?

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Nas últimas semanas oímos falar case acotío da folga de autobuses. O sector do transporte de viaxeiros por estrada busca unha solución ao conflito xurdido como consecuencia da primeira fase do plan de transporte que a Xunta de Galicia quere implantar a partir do vindeiro mes de agosto na comunidade. Cabe preguntarse por que todos os sectores, menos a Administración, están de acordo no seu rexeitamento. Dende o goberno afirman que o novo plan de transporte supón unha oportunidade para os cidadáns galegos que incrementará a calidade do servizo e dará cobertura a todo o territorio. Mais, no outro lado traballadores e empresarios non o teñen tan claro. Ademais, a idea de integrar o transporte escolar nas liñas de viaxeiros tampouco satisfai ao sector. Tal e como se está a desenvolver agora, o transporte escolar garante ás empresas adxudicatarias uns ingresos mínimos. Pero a Xunta quere optimizar ese servizo facendo un uso compartido do mesmo co público en xeral, debido principalmente a que nas zonas rurais a maioría das prazas viaxan libres. Neste punto é cando un se pregunta pola viabilidade de levar nun mesmo transporte a persoas de todas as idades xunto cun grupo de escolares. Ou se detrás de todo isto non se agocha a intención de suprimir liñas coa consecuente perda de postos de traballo e a precariedade do sector.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira Veiras
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Eva Novás, Xosé Núñez
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....11
-COMARCA.....12
-CULTURA E LECER.....19
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

A campaña do comercio galego Días Azuis repartiu dous premios na vila de Melide

O presidente de Asetem, Manuel Vázquez, recolleu o premio de 150 euros no nome de Alicia Oro Pazo, e María Pilar Sánchez Casanova recolleu o seu de 300 euros



Manuel Vázquez García, presidente da Asetem, colaborou na entrega dos premios. A afluencia de público ao acto foi masiva

O Patio de Cristal do Hotel Monumento San Francisco de Santiago foi o escenario elixido para a entrega dos premios da campaña "Días Azuis do comercio galego". Ata alí desprazouse unha boa representación dos premiados, así como das federacións de comercio, asociacións e centros abertos de Galicia. No caso de Melide asistiron a xerente de Asetem, Pilar López, e o presidente, Manuel Vázquez, que foi o encargado de facer a entrega dos premios ás gañadoras locais.

Neste senso, en representación de Alicia Oro Pazo recolleu o cheque Manuel Vázquez. Alicia, que realizou a súa compra na tenda Sport Moda (socio de Asetem), fíxose cun premio de 150 euros.

Pola súa banda, María Pilar Sánchez Casanova mercou no comercio Cousas Novas e recibiu un premio de 300 euros.

16.000 euros en premios

No transcurso do acto fíxose entrega dos 16.000 euros repartidos en tarxetas prepago que recaeron nas catro provincias galegas. A listaxe completa dos 68 premiados pode consultarse na páxina web www.diasazuis.com/ganadores.

A campaña dos Días Azuis desenvolveuse na comunidade entre o 16 e o 30 de xuño. Foi a primeira edición desta novidosa iniciativa que buscou dinamizar as vendas no pequeno comercio e premiar a fidelidade dos clientes. O éxito da iniciativa que "vestiu de azul os comercios, rúas e redes sociais galegas" foi destacado no tranascurso da entrega dos premios, sorteados ante notario o pasado 5 de xullo.

A implicación foi moi alta, tanto por parte dos comerciantes como dos consumidores, chegando a preto das 70.000 participacións. Por este motivo, o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, destacou a "colaboración das federacións provinciais de comercio e asociacións e centros comercias abertos no bo transcurso da campaña".

Premios Abanca

Trala entrega das tarxetas prepago aos consumidores agraciados, a entidade Abanca tamén fixo entrega dos premios do sorteo realizado entre os comercios que efectuaron vendas a través do programa "Aplazos", dun financiamento no punto de venda da entidade ou dun TPV da mesma. En total repartíronse catro cheques de 1.000 euros, un por provincia.

O presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, xunto coa directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez Abeal, e o director da Rede Comercial Abanca, Gabriel González Eiroa, encabezaron o acto de entrega dos premios. A campaña Días Azuis estivo organizada pola Federación Galega de Comercio e a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

MÁIS DE 80 SOCIOS DE ASETEM PARTICIPARON NA CAMPAÑA DÍAS AZUIS

Máis de 80 socios de Asetem participaron na campaña promovida pola Federación Galega de Comercio e a Xunta de Galica, Días Azuis. O obxectivo desta actividade foi o de promocionar o comercio de proximidade e premiar a confianza dos consumidores, ademais de vestir as rúas de toda Galicia de cor azul. O resultado final foron 221 rexistros de compra tan só en Melide e un balance máis que positivo por parte da organización. Tanto é así que agardan que se repita a iniciativa o vindeiro ano. "Foi unha clara aposta polas novas tecnoloxías dentro do comercio e a acollida superou as nosas expectativas, así o demostran as cifras de participación tanto por parte do consumidor, como dos comerciantes", apuntaron dende a Federación. En toda Galicia repartíronse un total de 68 premios en tarxetas de 500, 300 e 150 euros e, realizáronse 67.942 rexistros de compras. Con iniciativas coma esta queda reflectido que o pequeno comercio ten potencial abondo para encher de vida e dinamismo os pequenos pobos.

Foto de grupo con todos os premiados, comerciantes e organizadores da campaña Días Azuis

Melide contará este ano co servizo da rede de calor por biomasa

A substitución do gasóleo por biomasa forestal permitirá mellorar a eficiencia enerxética e reducir a contaminación medioambiental

Na mesma rúa, o antes e o despois de soterrar a tubaxe (a estrada torna ao seu aspecto habitual)

A implantación da rede urbana de calor que a firma Medancli Energía vai despregar no concello de Melide avanza a bo ritmo. As obras, que unha vez rematadas ofrecerán un servizo de calefacción e auga quente, comezaron o pasado mércores 28 de xuño e está previsto que no prazo de catro meses, a comezos do mes de novembro, poidan dar servizo ás primeiras instalacións consumidoras.

O proxecto divídese en varias fases. Nesta primeira acometeránse traballos en numerosos edificios institucionais e en máis de 200 vivendas. O obxectivo final é o de poder abastecer á totalidade do pobo.

A día de hoxe o municipio de Melide conta cun número elevado de caldeiras que consumen gasóleo ou electricidade para producir calefacción e auga quente sanitaria, e que datan dos anos setenta, cun deterioro e rendemento baixo lóxicos. Ante a necesidade de renovar ditas salas de caldeiras, a empresa promotora do proxecto quere substituír o gasóleo por biomasa e mellorar así a eficiencia enerxética dos edificios, así como reducir a contaminación medioambiental. Para iso está a construir unha sala de caldeiras ubicada na zona da Martagona dende a que se despregará a infraestrutura de abastecemento e na que se utilizará a biomasa, un combustible de orixe natural como é a madeira.

Restos forestais

Na sala de caldeiras a construír será onde se queimen as lascas de madeira procedentes de restos de podas, roza de matogueiras, etc (unha especie de biomasa forestal galega que se convirte nun recurso enerxético limpo, económico e non contaminante). Desta sala sairá a enerxía en forma de auga quente ata os edificios por medio dunhas tubaxes xa soterradas nas rúas de Melide.

A Rede Urbana de Calor "Camiño de Santiago", que así se denomina o proxecto, pasará a formar parte das máis de 300 redes de calor censadas en España, das cales a inmensa maioría están a funcionar con biomasa. Un proxecto que situará o pobo de Melide á vangarda dos concellos de Galicia, ao tratarse dunha das redes de maior tamaño.

Un referente nacional

Cabe destacar que grandes cidades do Norte de Europa están a funcionar con este mesmo sistema dende fai anos, polo que as redes de calor estánse convertendo nun referente en canto a eficiencia enerxética.

No caso de España, a cidade pioneira foi Cuéllar, en Segovia, que leva case vinte anos cun sistema semellante ao que se vai implantar en Melide. Dende esa data xurdiron numerosos proxectos máis de gran envergadura como son os que abastecen as cidades de Soria, Valladolid, Móstoles ou Barcelona, entre outras.

No caso de Galicia destacan exemplos como o do balneario de Mondariz, a piscina climatizada de Monforte de Lemos ou a residencia de maiores de Chantada. Moitas das vantaxes que ofrece a biomasa están recollidas no Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).

A rede urbana de calor de Melide permitiralle aos veciños un aforro de como mínicmo dun 15 por cento sobre o custo da enerxía que nestes intres necesitan consumindo galóleo ou electricidade.

QUE É A BIOMASA?

A biomasa é un combustible de orixe natural e respetuoso co medio ambiente xa que procede de produtos orgánicos. A madeira como tal é un recurso natural e renovable de gran potencial enerxético. Así por exemplo, nos montes de Galicia hai unha gran variedade de especies forestais aproveitables para converter en combustible.

Vantaxes da rede urbana de calor

A implantación deste sistema en Melide pretende conseguir un aforro importante en combustible tradicional, matemento e reposición de equipos, así como a reducción das emisións de CO_2. E é que a día de hoxe resulta máis económica a biomasa que os combustibles fósiles e, ao ser un produto nacional non está exposto ás variacións de prezo no mercado. De igual xeito, ao ser residuos sólidos obténse máis calor residual e en consecuencia é máis económico. Destacan tamén as vantaxes medioambientais entre as que se atopan as de non desprender olor, un consumo ecolóxico con menos emisións contaminantes (as emisións de CO_2 da biomasa son consideradas neutras para o medio ambiente), o mantemento e limpeza das zonas madeireiras para a súa reforestación, a redución de danos por incendios, o desenvolvemento do medio rural ou o aproveitamento da cinza que produce a combustión para abonar terreos (se ben é certo que a cinza é unha mateira inerte).



Detalle da tubaxe soterrada e illada de forma térmica, e exemplos de deseño da futura sala de caldeiras

SUBVENCIÓNS E AXUDAS DE INTERESE PARA OS ASOCIADOS

- PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA EMPRESA ORDINARIA (DOG 117, DO 21/062017)

Entidades beneficiarias: Empregadores autónomos e empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, sociedades civís e comunidades de bens, fundacións, asociacións e outras institucións sen fin de lucro.

Tipos de axuda:

1.- SUBVENCIÓN POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA

2.- SUBVENCIÓN POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE NUN ENCLAVE LABORAL

3.- SUBVENCIÓN POLA CONTRATACIÓN TEMPORAL

4.- SUBVENCIÓN POLA CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO MARCO DE PROXECTOS DE EMPREGO CON APOIO.

Prazos solicitude:

Axudas á contratación: ata o último día do mes seguinte no que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación en indefinido, máximo o 30/09/2017.

Para contratacións realizadas entre 01/10/2016 e o 21/06/2017, ata o 21/07/2017.

Adaptación dos postos: Ata o 30/09/2017

- PROGRAMA DE EMPREGO CON APOIO COMO MEDIDA DE FOMENTO DO EMPREGO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (DOG 117, DO 21/062017)

Entidades beneficiarias: Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, centros especiais de emprego, e empresas do mercado ordinario de traballo, que conten ou vaian contar con preparadores laborais especializados.

Prazo de solicitude: Ata o 21/07/2017

- SUBVENCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN CON GRANITO DAS FACHADAS DE EDIFICACIÓNS DE VIVENDA, PARA O ANO 2017 (DOG 128, DO 06/07/2017)

Prazo de solicitude: Ata o 06/10/2017 ou esgotamento do crédito.

- SUBVENCIÓNS PARA A RENOVACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS DE LOUSA, PARA O ANO 2017 (DOG 128, DO 06/07/2017)

Prazo de solicitude: Ata o 06/10/2017 ou esgotamento do crédito.

- SUBVENCIÓNS PARA A RENOVACIÓN DE CUBERTAS DE TELLA CERÁMICA, PARA O ANO 2017 (DOG 128, DO 06/07/2017)

Prazo de solicitude: Ata o 06/10/2017 ou esgotamento do crédito.

Malestar entre os veciños polo lugar elixido para a central de biomasa

O lugar no que se vai levantar a instalación central da rede de calor por biomasa de Melide está a xerar certo malestar entre os veciños. Os terreos atópanse situados na Martagona, unha zona a escasa distancia do centro do pobo e na que se concentran un colexio, un pavillón polideportivo e a gardería.

Os afectados denuncian a falta de información e aseguran descoñecer o impacto que terá a central. "Non estamos en contra da biomasa, non queremos paralizar iso porque sexa unha central de biomasa, o que queremos é que se constrúa noutro sitio e non xunto aos centros escolares", sinalaron algún dos afectados.

Ante esta situación, os veciños veñen de realizar unha primeira xuntanza a modo informativo onde trataron de expoñer e aclarar as posibles dúbidas e determinar os pasos a seguir. Trala petición formal por escrito ao Concello do proxecto semanas atrás, comezaron cunha recollida de firmas que acadou preto do milleiro de sinaturas. O seguinte paso será entregalas no Concello.

Dende o grupo de afectados quixeron deixar claro que "estamos desvinculados de calquera partido político e o que estamos levando a cabo facémolo pola inquedanza que sentimos ante a nula información que se nos dá, e queremos saber que medidas de seguridade se van tomar e con que tipo de informes medioambientais contan", engadiron.

Nun primeiro momento a construción da sala de caldeiras "xa foi denunciada por estar a tan só sete metros da escola e agora está a 180 metros, algo que nos parece insuficiente", apuntaron os veciños, que teñen pensado seguir coas movilizacións.

ACTUALIZACIÓN NORMATIVA

- PRESUPOSTOS XERAIS DO ESTADO (PXE) PARA O ANO 2017. PRINCIPAIS NOVIDADES

IVE

Pasa a tributar ao 10% de IVE, dende o 29/06/2017:

- Os museos, teatros, circos, festejos taurinos e demáis espectáculos culturais en vivo.
- Os servicios mixtos de hostelería, espectáculos, discotecas, salas de festa, barbacoas ou outros análogos.
- As monturas de gafas graduadas para, de este modo, aliñar a súa tributación coa que resulta aplicable ás gafas e lentes graduadas.

BASE MÍNIMA COTIZACIÓN PARA AUTÓNOMOS

Dende o 01/07/2017, a base mínima de cotización para autónomos será de 919,80 € mensuais.
Para unha cotización básica (sen cobertura de AT e cese na actividade) a contía do recibo de autónomos do mes de xullo será de 275,02€.

INTERESE LEGAL DO DIÑEIRO E INTERESE DE DEMORA

O tipo de interese legal do diñeiro, durante a vixencia dos PXE queda establecido no 3%.
O interese de demora a efectos da normativa tributaria e de subvencións, será do 3,75%.

INDICADOR PÚBLICO DE RENDA DE EFECTOS MÚLTIPLES (IPREM)

O IPREM diario, 17,93 €.
O IPREM mensual, 537,84 €.
O IPREM anual 12 pagas, 6.454,03 € (7.519,59 € 14 pagas)

Información elaborada por CC Xestión
Rúa Otero Pedrayo, 10 - Melide

DIRECTORIO - SOCIOS/AS DE ASETEM

ASESORÍA

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76
Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

CARPINTERÍA

Aluminios Melide
Pol. Madanela, 86
981 50 73 12
Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Bodegas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
Cárnicas García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
609 93 91 98
Carola Moda 2000
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21
Colorín Colorado
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60
Cooperativa Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
Deportes López
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
Disfruta
Rda. da Coruña, 18
606 97 04 98
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68
DivaPro Hair&Beauty
Rda. da Coruña, 58
607 26 77 82
Ekaté
Cantón de San Roque,11
881 97 74 17
Electrosan
Martagona, 13
981 50 79 64
Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
Funeraria El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
Ferretería Noguerol
Convento, 28
981 50 50 29
Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80
Floristería Strelitzia
Cantón S. Roque, 46
881 81 91 01
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
Intres Fotografía
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24
Jim Sports Technology
Madanela S/N
981 50 64 34
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
Pasarela
Alexandre Bóveda, 10
981 50 59 08
La Cortina
Avda. Lugo, 43
981 50 63 58
Laia Zapateiros
Praza Convento, 4
626 25 20 54
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
Magnín
Rda. da Coruña, 32
881 99 84 49
Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
Medusa Moda
Rda. da Coruña, 26
881 97 82 79
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
Mis mejores labores
Rda. da Coruña, 38
981 50 90 85
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64
Modas El Dándolo
Convento, 15
981 50 63 70
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34
Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66
Óptica Alain Afflelou
Rda. da Coruña, 16
981 50 60 97
Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
Óptica Tábora
Rda. da Coruña, 20
981 50 51 99
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
Panadería e Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
Pastelería Estilo
Rúa do Progreso, 6
981 50 51 53
Pastelería Triskel
Novoa Santos, 32
981 50 50 98
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
Pescados e Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981 50 51 37
Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26
Recambios Sando
Avda. de Lugo, 10
981 50 54 19
Recambios Vulcano
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18
Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18
Romero Zapaterías
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56
Rubén Pacior S.L.
Pol. Madanela, 100-102
981 50 70 11
Sanoguera Fotografía
A Casilla, 1 - Moldes
622 22 28 10
Sisuka
San Pedro, 5
881 97 58 62
Sport Moda
Cantón de S. Roque, 38
981 50 76 17
Stardemoda
San Pedro, 10
981 50 65 12
Sueños
Alexandre Bóveda, 2
981 50 71 87
Suministros Industriales Cire
Pol. Madanela, 22
981 50 79 54
Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
Tu Boutik
Rda. Pontevedra, 61
881 05 63 94
Zapatería Pequeniños
San Pedro, 4
981 50 79 66
Xebre
Mateo Segade, 1
981 50 57 23
Xoiería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31
Xoiería Silvela
Rda. da Coruña, 40
981 50 59 97

CONSTRUCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981 51 53 86
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
Const. Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73
Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
Cubiertas Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco de Valdeorras
988 33 52 94
Excavaciones Paradela
Ribeiro,s/n
981 50 55 92
Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
Química Industrial Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00
Revestimientos Rifer
Avda. de Lalín, 26
981 50 71 16

HOSTALERÍA

Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68
Casa Alongos
Camiño Vello Stgo. s/n
619 22 93 34
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55
Cafetería M40
Cantón de S. Roque, 40
981 50 73 44
Cafetería Stop
Rúa da Cátedra, 1
Esquina San Antonio
Dúas Rúas
Rúa Principal, 5
600 69 99 44
Espectáculos Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33
O Tobo do Lobo
R/Luis Seoane, 8
981 50 77 73
Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981 50 49 07
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
Parrillada Pilmar
Santa María
981 50 76 17
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91
Xamonería Garceiras
Gaiteiros Garceiras, 1
608 975 776

SERVIZOS

Academia Besbello
Rúa San Antón, 5
981 50 52 52
Albergue Vilela
Rúa San Antón, 2
616 01 13 75
Annic Difusión
Rda. Pontevedra, 63
981 94 38 94
Clínica Dental Ana Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
Clínica Dental Karim
Rda. Pontevedra, 32
981 50 62 44
Estación de Servicio Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
Eva Novás abogada
Rúa San Antón, 5
981 50 72 17
Extractores Villamor
Cantón de S. Roque, 8
648 25 31 33
Fisioterapia Lili
San Pedro, 16
981 50 72 06
Gasolineira Bocelo
Avda. de Lugo
981 50 62 50
Hardgalicia - "R"
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
Intermax Technology
Rúa Folicheiro, 20
902 908 737
Mofitel Comunicac.
Santiago de Compostela
693 62 21 85
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981 50 59 03
Parafarmacia Cantón
Cantón de S. Roque, 28
981 93 73 50
Perruquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 38
Entrechán
650 43 63 75
Servinet
Vitiriz, s/n
697 89 24 66
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981 50 63 88
Xanela Ocio
Rosalía de Castro, 12
634 24 34 69
Yethi Carburantes
Cruce campo de fútbol
982 38 00 71

TALLERES

Autos Mar
Pol. Madanela, 8-9
981 81 53 36
Desguaces Lual
O Coto (Melide)
981 50 73 52
Melicar
Avda. de Lugo, 95
981 50 76 25
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31
Neumáticos Melide
Avda. Lugo, 129
981 06 57 00
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

SOCIO COLABORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80

La Caixa
Alexandre Bóveda, 1
881 03 08 20

Banco Sabadell
Rúa do Convento, 13
981 50 52 50

TRANSPORTES

Bombeos Cabado
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
Nutripor S.A.
Pol. Madanela, 18-19
981 50 64 70
Rey Sánchez S.L.
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18
Transportes Zas
Palas de Rei
982 18 34 04

ENXEÑERÍA

Javier López López
Xosé R. Fdez. Castro, 6
981 50 54 82

STARDEMODA, 2º ANIVERSARIO

ESTRELLA GÓMEZ RAMOS, PROPIETARIA DA TENDA

“O 16 de xullo teremos descontos incribles para celebrar o segundo aniversario”

Apaixonada da moda, Estrella Gómez leva máis dunha dédaca adicada a este sector. Unha paixón que a levou a crear o seu propio espazo en Stardemoda. Agora a tenda cumpre o seu segundo aniversario e para celebralo organiza unha xornada chea de descontos e promocións. Será o domingo 16 de xullo e tampouco faltarán a animación e un ágape.

Estrella Gómez amósase agradecida ante a boa acollida dos clientes

- O vindeiro 16 de xullo celebrará o segundo aniversario. Que ten preparado para ese día?

- Estrella Gómez (E.G.): Queremos celebralo de xeito moi especial así que abriremos o domingo día 16 en horario de once a dúas. Contaremos cun pequeno ágape, tamén teremos unha decoración especial, animación para os nenos e, como non podería ser menos, descontos incribles. Tan incribles que xa que estamos en época de rebaixas algún deles mesmo o aplicaremos a diferentes pezas de nova colección. Sobra dicir que estades todos convidados.

- Cal é o balance destes dous anos de traballo?

- E.G.: Pois a verdade é que estou moi contenta. Teño que darlle as grazas a todos pola acollida tan calorosa que recibín durante estes dous anos. Se ben é certo que xa tiña dende anos atrás un grupo de clientes que para min son como da familia, na actualidade sigo mantendo esa familia e aumentándoa co paso do tempo. A verdade é que me sinto moi afortunada.

- Como foi evolucionando Stardemoda?

- E.G.: Comezamos con marcas como *Tiffosi* ou *Azura* que encaixaron moi ben entre o noso público. Despois fomos incorporando outras marcas como *Naf Naf* e esta campaña contaremos con *Jack & Jones* debido á demanda que está a ter entre os clientes. Outro pequeno cambio froito da demanda é o aumento de talles. Antes eran máis pequenos pero agora intentamos traer talles máis grandes de tal xeito que temos ata o 52. Con isto quero dicir que tanto a xente máis nova como a de mediana idade pode atopar roupa actual e moderna na nosa tenda.

- De cara ao futuro, algunha novidade?

- E.G.: Coa vista posta no terceiro ano toca seguir traballando cada día máis para intentar mellorar en todo o que sexa posible. Hai que ter en conta que sen o público nada disto sería posible, así que trataremos de seguir satisfacendo as súas necesidades.

Stardemoda
Tlf: 981 506 512
Rúa San Pedro, 10



PARRILLADA PILMAR, NOVA INAUGURACIÓN

JOSÉ MANUEL MARIÑO, DONO DO NEGOCIO

“Queremos ser un referente en canto a carnes á grella e polbo á feira”

Parrillada Pilmar, en Melide, vén de dar un paso importante de cara á expansión do seu negocio. Deste xeito, o pasado 16 de xuño o seu dono inaugurou un novo local en O Corgo, un espazo xa emblemático e de sobras coñecido polas súas carnes dende hai 25 anos. Agora José Manuel aspira a convertelo nun referente tanto en grella como en polbo á feira.

- Que o motivou a dar este paso?

- José M. Mariño (J.M.): É un traballo que entendemos ben, que coñecemos en profundidade e que sabemos como xestionar. A maiores coincidiu que coñecín ao dono do local e que se xubilaba, e como se trata dun negocio con moi boa traxectoria decidín aproveitar a ocasión. Tamén nos animou o feito de abrir un mercado novo que por alí non hai, como é o do polbo á feira.

- Que características ten o novo local?

- J.M.: A *Parrillada - Pulpería Santa Marina* é un local moi coidado e iso nótase nada máis pasar ao seu interior. Conta cuns 150 metros cadrados e espazo para 70 comensais. Dispón tamén dunha ampla terraza e dun extenso aparcadoiro para os clientes ao lado mesmo da estrada nacional.

- Cal é a especialidade do Santa Marina?

- J.M.: Fundamentalmente carnes á grella e tamén o polbo á feira. A maiores destaca a carta que temos, que sen chegar a ser moi extensa, cada produto que contén é dunha calidade suprema. Con todo, aspiramos a ser un referente na contorna en canto a carnes á grella e polbo á feira.

- Que podemos atopar nesa carta?

- J.M.: Dende bacallau ata zamburiñas, pasando por lagostinos, gambas, *gulas* ou mexillóns entre outros produtos. A carta está dispoñible todos os días e pola semana tamén temos meú do día. Só pechamos os luns por descanso do persoal.

- Cantos postos de traballo creou o Santa Marina?

- J.M.: En total cinco. Catro novos postos e un da casa a maiores.

José Manuel Mariño á entrada do local que rexenta en Melide

A inauguración do Santa Marina foi todo un éxito en canto a asistencia de público

José Manuel, no centro da imaxe, celebrando a inauguración cos asistentes

Ao longo de toda a noite non faltou nin o polbo nin o característico brinde

O bo ambiente fixo que a xornada se prolongase ata ben entrada a media noite

RESTAURANTE
PARRILLADA
PILMAR
MARIÑO
● DESAYUNO ● MENU
● COMIDAS PARA GRUPOS
● ESPECIALIDAD EN
CARNES AL A BRASA
Santa María, s/n.
15800 MELIDE (A Coruña)
Tlfnos.: 981 50 76 17
606 59 04 46

Parrillada - Pulpería
SANTA MARINA
MARIÑO
Estrada Nacional VI, Km - 490, 0 Corgo (Lugo)
Teléfono: 982 83 04 00

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Medalla de Ouro á traxectoria do IES de Melide e da biblioteca municipal

Un dobre recoñecemento e un único sentimento de gratitude e orgullo; así podería resumirse o acto de entrega da Medalla de Ouro de Melide ao Instituto de Ensino Secundario (IES) de Melide, e á biblioteca municipal Xosé Vázquez Pintor. A máxima distinción institucional que outorga o Concello melidense tivo en conta este ano a traxectoria de ambas institucións e o traballo realizado a favor do desenvolvemento educativo e cultural da comarca.

O acto, que tivo lugar o pasado 29 de xuño coincidindo coa festividade do patrón, San Pedro, celebrouse no salón de plenos do Concello e estivo presidido pola alcaldesa, Dalia García Couso. No seu discurso a rexedora lembrou con agarimo os comezos de ambas institucións e destacou que "o Melide actual non sería posible sen a contribución cultural tanto do instituto como da biblioteca".

A vicedirectora, o director e o secretario do IES recollen a Medalla

Ánxela López, acompañada, recolleu a Medalla de Ouro á biblioteca

O salón de plenos quedou pequeno para acoller a todos os invitados

Educar no século XXI

Pola súa parte, o director do instituto, Ramiro Piñeiro, salientou "a suma de accións e o impulso que significa recibir este recoñecemento para afrontar con ilusión os retos da educación do século XXI, unha educación plural, sostible e integradora que busque unha sociedade boa e xusta". "Se hoxe está aquí o IES de Melide é que entre todos e todas algo bo fixemos, e todos e cada un dos que en maior ou menor medida tivemos relación nestes 50 anos de historia co instituto, debemos sentirnos honrados", engadiu.

Camiñar xuntos

De xeito semellante dixo sentirse Ánxela López, responsable da biblioteca, no momento de recibir o outro galardón da xornada. "Estou moi orgullosa de compartir esta medalla co IES de Melide porque ambas son institucións que camiñan xuntas", e engadiu que "unha biblioteca non sería de utilidade se a comunidade non se preocupase por ela, porque as persoas pasan pero as institucións permanecen". López rematou a súa intervención de agradecemento lendo un conto de Jorge Bucay para animar á lectura a todas as persoas.

A nota emotiva

O momento máis emotivo tivo lugar cando o ex-alcalde, Javier Rodríguez Pampín, lembrou como "o Concello tivo que vender parte do seu patrimonio para pagar as nóminas dos mestres e parte do instituto". Así mesmo, tivo palabras de recordo para os profesores que fixeron posible a posta en marcha da biblioteca. A filla dun deles, presente no acto, recordou con bágoas nos ollos a ilusión coa que sempre traballou seu pai.

Aproveitando o acto, a rexedora municipal sinalou ao final que a biblioteca de Melide "pasará a formar parte dun catálogo de bliblioteca on line".

Medio século de vida do IES de Melide

O IES de Melide abriu as súas portas no ano 1967 para acoller ao alumnado de ensino medio dos municipios de Melide, Vilasantar, Boimorto, Palas de Rei, Santiso, Arzúa e Toques. Non obstante, a súa orixe atopámola no ano 1964 cando o Concello comezou cos trámites e as obras dun colexio libre adaptado que acabaría dando lugar ao actual instituto. Nun principio o nome da devandita institución foi o de Diego Salas Pombo. No curso do 73 o centro pasou a ser instituto de bacharelato autónomo, mentres que no período lectivo do 98, xa como instituto de ensino secundario, trasladaríanse as súas instalacións á ubicación actual (O Marquiño). Hoxe en día a oferta formativa do IES de Melide contempla os ciclos de FP Grao Medio de Carpintaría e Moble, e a FP Básica de Carpintaría e Moble.

Foto: Concello de Melide

40 anos da biblioteca pública de Melide

A biblioteca de Melide data do ano 1977, ano no que ditas institucións comezan a xermolar. A súa andaina empezou co chamado "lote fundacional" (2.600 volumes), e estivo ubicada nos baixos do Concello. Durante os primeiros meses destaca o labor de catalogación levado a cabo por un grupo de mestres xubilados (José Reinoso Carreira, Fernando Somoza e José Hermida), que permitiu a apertura da biblioteca en xullo do ano 78. O primeiro bibliotecario de Melide foi Antonio Héctor Santos López. Dende o ano 1979 e ata a actualidade a bibliotecaria é Ánxela López Vázquez. Ao longo de todo este tempo a biblioteca realizou servizos de préstamo de libros e tamén do seu espazo para actividades. No ano 2002 trasladouse ao Edificio Multiusos, sede actual. Hoxe en día conta con 22.000 volumes e 3.500 lectores.

Foto: Concello de Melide

Os socialistas de Melide denuncian que a Policía Local está baixo mínimos

Reclaman ao Concello máis efectivos para garantir a seguridade nunha época na que se duplica a poboación

Os socialistas de Melide denuncian os servizos mínimos cos que conta na actualidade a Policía Local para facer fronte á campaña de verán. Segundo explicou o seu voceiro, José A. Prado, "só tres policías locais, totalmente desbordados pola situación, son os axentes que prestarán servizo ordinario en toda a tempada estival".

Ante a chegada do verán numerosos Concellos reforzan os seus efectivos. Así, "mentres outros concellos turísticos contratan auxiliares para a tempada de verán, o goberno local non fai nada por paliar unha situación que xa é moi deficiente o resto do ano", indicou Prado. E engadiu que "Melide terá que conformase outro ano máis cun servizo municipal de seguridade que non abonda para cubrir nin as mínimas necesidades, e isto, a pesares de que presenta unhas circunstancias particulares e diferenzadoras como pobo, que fan máis necesaria unha policía local ben dimensionada".

Aumento da poboación

Factores como o de estar en pleno Camiño de Santiago, a celebración semanal do mercado "que se vén cubrindo cun único axente", a feira do último domingo de cada mes ou o ocio nocturno dos sábados fan necesaria a concorrencia de máis medios humanos debido ao aumento da poboación. Ante esta situación, tarefas diarias como poden ser as de ordenar e dirixir o tráfico, vixiar os espazos públicos ou resolver calquera conflito urbano que se presente, tórnanse menos doadas con só tres axentes.

Un dos problemas máis habituais que denuncian é o de estacionar nas beirarrúas

En calquera municipio turístico que se prece, como neste caso pode ser o de Melide, é habitual atopar vehículos mal estacionados. O problema empeora cando ao longo da época estival se duplica o número de habitantes e consecuentemente o número de automóbiles. Regular o tráfico nestas circunstancias faise máis complicado para os efectivos da Policía Local se non contan con axentes de reforzo que poidan atender as demandas necesarias en diferentes puntos. Ante esta situación, o voceiro do Grupo municipal socialista de Melide, José Prado, indicou que "de pouco lle serve á alcaldesa aumentar a recadación de impostos municipais para este ano en mais de 300.000 euros cando os servizos públicos seguen minguando". Prado tamén sinalou que "Melide sofre un Goberno incapaz de xestionar as súas necesidades, e tal como nos trasladan os veciños e veciñas, medra a sensación dunha case total ausencia de control municipal das normas". Cabe destacar que durante a fin de semana é tamén cando máis necesaria se fai unha tarefa de apoio á coordinación e regulación nas rúas, debido principalmente ao ocio nocturno e ás xornadas de mercado.

Luz verde á ordenanza de terrazas de hostalaría do concello de Melide

O pleno extraordinario do Concello de Melide aprobou con unanimidade dos grupos políticos a ordenanza de terrazas de hostalaría do municipio.

A normativa coa que contaba a localidade para regular estas instalacións databa do ano 2014, mais segundo informaron dende o Concello "non se axeitaba ás problemáticas actuais e recollía un regulamento menos extensivo".

O goberno municipal sinalou tamén que "por unha banda facíase necesario recoller novas casuísticas que atinxen á organización do dominio público e, por outra, había que dar resposta ás adaptacións lexislativas necesarias trala entrada en vigor da Lei 9/2013".

Dende o Concello informarán agora aos hostaleiros sobre a nova normativa para que poidan reorganizar as súas terrazas e cumprir así coa Ordenanza. O incumprimento da mesma contempla diferentes sancións.

Descende a taxa de paro en Melide e Toques

A taxa de paro descendeu na comarca no pasado mes de xuño, sendo 667 o total de desempregados. Por concellos, en Melide no mes de xuño o número de parados é de 441 cun total de 17 persoas menos desempregadas. No concello de Santiso a taxa de paro aumentou nunha persoa, sendo un total de 88 os desempregados nesta zona. No que corresponde a Sobrado dos Monxes a cifra de desempregados é de 72 aumentando nunha persoa con respecto ao mes anterior. En Toques existen na actualidade un total de 65 persoas desempregadas, unha menos que no mes de maio.

Isabel Muíño e Lisardo Peláez novos Miss e Míster Galicia da Terceira Idade

As Miss Galicia Isabel Muíño e Alicia González, o Míster Galicia Lisardo Peláez e a alcaldesa Dalia García

O Cantón de San Roque foi o escenario principal dunha pasarela de moda moi especial, a vixésimo cuarta edición do Certame de Beleza da Terceira Idade Miss e Míster Galicia. Unha xornada chea de alegría, vitalidade e, por suposto, elegancia celebrada en Melide.

Lisardo Peláez de 76 anos e Isabel Muíño de 73 alzáronse coa banda de Míster e Miss Galicia respectivamente entre máis de corenta aspirantes aos títulos. Ambos gañadores recolleron o galardón de mans dos seus antecesores. En Melide quedaron os títulos de Míster Elegante, que foi para Restituto Varela Miguélez de 64 anos, e o de Miss Fotoxenia, que recaeu en Concepción Quintás López de 80 anos.

Como cada ano a moda tamén xogou un papel importante, e neste caso máis se cabe, xa que numerosos participantes acudiron ao desfile con modelos que podemos atopar no comercio local. Un xesto que contribúe en gran medida á promoción e a aposta firme polo pequeno comercio.

Unha de pasodobres

A celebración do Certame tamén contou cunha nova edición do Festival Galego da Terceira Idade no que se inclúe un concurso de pasodobres, unha competición moi axustada que fixo deliberar ao xurado un bo anaco e na que participaron medio centenar de parellas. Finalmente, o primeiro premio foi para a parella formada por Maruja Vázquez e Marisa Garabatos, o segundo para Josefa López e Emilio Calviño e o terceiro posto recaeu en Ana Jovu e Ángel Pazo.

Entre os participantes que se achegaron a gozar da vixésimo cuarta edición do Certame Miss e Míster Galicia da Terceira Idade volveron a repetir numerosos centros sociais de Galicia, sendo a provincia da Coruña a máis participativa. Ao mesmo tempo tamén se desprazaron ata Melide socios e socias dos centros sociais de Boqueixón, Curtis, Caldas de Reis, Sada e Viveiro, que por primeira vez participaron neste certame. Como novidade, este ano acudiron tamén persoas chegadas de fóra de Galicia procedentes de comunidades como Madrid ou Bilbao.

Pola súa banda, o bo resultado de participación deste evento fai que dende a Concellería de Igualdade e Benestar, estean xa a pensar en "como será a edición do ano que vén, que sen dúbida terá que ser máis especial ao celebrar as vodas de prata do certame", sinalaron.

MÍSTER GALICIA: LISARDO PELÁEZ GARCÍA (76 ANOS), A ESTRADA
MÍSTER GUAPO: JOSÉ PARADA VICENTE (88 ANOS), A ESTRADA
MÍSTER SIMPÁTICO: JOSÉ MARTÍN RÍOS (84 ANOS,) A CORUÑA
MÍSTER MARCHOSO: ANTONIO ESPASANDÍN (63 ANOS), SADA
MÍSTER ELEGANTE: RESTITUTO VARELA MIGUÉLEZ (64 ANOS), MELIDE

MISS GALICIA: ISABEL MUÍÑO RAMOS (73 ANOS)
MISS ELEGANCA: REMEDIOS VARELA VÁZQUEZ (67 ANOS)
MISS SIMPATÍA: CAMILA RAMILO PIÑA (73 ANOS), CURTIS
MISS MARCHOSA: DOLORES PRADANOS (73 ANOS), BERGONDO
MISS VERÁN: DORITA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ (74 ANOS), CENTRO SOCIAL CASTRILLÓN
MISS BELEZA: ELSA CALVIÑO MEJIDE (83 ANOS), A ESTRADA
MISS FOTOXENIA: CONCEPCIÓN QUINTÁS LÓPEZ (80 ANOS), MELIDE

Listaxe de galardoados no XXIV Certame de Miss e Míster Galicia

Abertas ao público as piscinas de Melide, Sobrado e Santiso

Piscina do concello de Sobrado

Xa están abertas as piscinas para a tempada de verán nos municipios de Melide, Sobrado e Santiso. No caso de Melide, as piscinas descubertas do Río de Furelos abren de doce do mediodía a oito do serán. En Sobrado, despois de acondicionar o pavimento, o horario provisional de apertura é de 15:00 a 20:30 horas. E a piscina municipal de Visantoña, na localidde de Santiso, abre en horario de 16:00 a 20:30.

Actividades para o verán en Sobrado

O Concello de Sobrado ten aberto o prazo ata o 10 de agosto para anotarse na III edición da súa carreira popular Correntroita, que se celebrará o día 12 do mesmo mes. Ademais, o 23 de xullo terá lugar a XI edición Día da bici, e tamén durante o verán outro tipo de actividades como: rutas de sendeirismo (15 de xullo e 19 de agosto), a Festa da auga (2 de agosto), o III Torneo de Pesca Infantil (27 de xullo) ou unha ruta en "Kaiak" polas fragas do Eume (9 de agosto).

Infraestruturas e servizos na comarca

A Deputación da Coruña vén de poñer ao día a denominada Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais (EIEL); a listaxe máis completa de infraestruturas e servizos dos concellos da provincia con menos de 50.000 habitantes. Na mesma recóllense as 15 infraestruturas deportivas coas que conta Melide, as 437 vivendas que hai en Toques ou os máis de 20 quilómetros que abrangue a rede de abastecemento de auga de Santiso, entre outros datos.

Volven os domingos musicais da man do programa "Vermú no Camiño"

Xa está en marcha unha edición máis do programa "Vermú no Camiño" que este ano vai contar con varias actuacións en diferentes prazas e rúas de Melide ao longo dos domingos de xullo, agosto e setembro. Entre os grupos encargados de poñer música aos vermús dominicais están Los Duguis, La Pistola del Manco, Dani Barreiro, Smoke ou Dani Royo and Versións Band. Cabe destacar que todas as actuacións terán lugar a partir da unha e media do mediodía.

Cartel da campaña "Vermú no Camiño" con toda a programación

De xeito paralelo, entre os días 21 e 25 de xullo celebrarase a segunda concentración de Food Trucks no Cantón de San Roque. Ademais, co obxectivo de dinamizar a zona antiga da vila os responsables de "Vermú no Camiño" van promocionar o vermú feito en Galicia. Deste xeito, as persoas que consuman vermú galego ao longo da campaña entrarán nun sorteo de feixes de produtos que se entregarán cada domingo no descanso das actuacións musicais. E non só se premiarán aos clientes que consuman esta bebida senón tamén aos establecementos da zona dos viños que vendan vermú galego.

Bús turístico

Dende o pasado 10 de xullo tamén está operativo un servizo de autobús turístico gratuíto que serve para achegar a veciños e visitantes aos monumentos máis importantes da vila e desprazar aos pasaxeiros ata concellos limítrofes como poden ser Palas de Rei ou Sobrado.

O autobús turístico conta cun guía durante o percorrido e sairá todos os días de xullo e agosto dende a Capela de San Roque ás seis da tarde.

Preto de 300.000 euros para mellorar infraestruturas en Sobrado

A conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, reuniuse recentemente coa alcaldesa de Sobrado, María Jesús García, co obxectivo de repasar diferentes actuacións relacionadas coa mellora das infraestruturas rurais en Sobrado. Enre estas, destacan as relacionadas coas vías de comunicación e co impulso aos procesos de reestruturación parcelaria. Deste xeito, avanzouse nos trámites para o remate dos traballos da pista que comunica Sobrado con Melide, unhas obras que suporán un investimento de algo máis de 136.000 euros. Tamén se abordou a reestruturación da propiedade na parroquia de Grixalba, un proceso que se atopa na fase de bases definitivas e no que se contratou o deseño das novas leiras de reemprazo por importe de 97.000 euros.

Ademais, avaliáronse as actuacións para o acondicionamento de camiños rurais de titularidade municipal dentro do Plan impulsado pola Consellería de Medio Rural e que suporán este ano un investimento de algo máis de 66.000 euros en Sobrado.

Por último, analizáronse tamén os apoios da Xunta ao sector agrogandeiro deste concello, que se materializan en axudas para a realización de plans de mellora nas explotacións e para a incorporación de mozos e mozas á actividade agraria. Na última convocatoria destas achegas recibiron a correspondente subvención un total de dez iniciativas neste municipio. Seis delas foron para a modernización de explotacións e catro para a incorporación de novos activos, por un importe total que superou os 506.000 euros.

Máis de 600.000 euros para rehabilitar vivendas de promoción pública en Melide

O Delegado da Xunta de Galicia na provincia da Coruña, Ovidio Rodeiro, realizou este mes de xullo unha visita ás vivendas de promoción pública de Melide, situadas na rúa José Cándido Paz Ares. Os edificios serán obxecto dunha actuación por parte do Instituto de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia para a súa mellora. Dita actuación consistirá nun illamento térmico a fin de mellorar a eficiencia enerxética das vivendas e, en consecuencia, a calidade de vida das máis de 40 familias residentes. O investimenteo previsto será de máis de 678.000 euros.

Novos investimentos da Deputación en Toques

O ente provincial comezou tamén co procedemento de expropiacións para mellorar a vía entre Toques e Melide

O Pleno da Deputación da Coruña aprobou por unanimidade o investimento de algo máis de 225.000 euros para financiar as obras de remodelación da travesía do Souto, no concello de Toques, mediante a demolición das beirarrúas actuais e a súa substitución por novas beirarrúas de formigón, que mellorarán as condicións de accesibilidade.

As obras incluirán a ampliación do ancho da beirarrúa (preto do punto quilométrico 7), actualmente moi estreito e pouco accesible, e a construción de novos tramos de senda peonil naquelas zonas nas que actualmente non existe paso habilitado para peóns. Tamén se inclúe a dotación dunha nova capa de rodaxe á calzada.

Expropiacións

Por outra banda, a Deputación provincial comezou tamén co procedemento de expropiación dos terreos para a mellora do trazado entre os municipios de Toques e Melide. En total son 24 as propiedades afectadas, das que os donos xa foron citados a unha reunión.

As obras teñen un custo de 500.000 euros e os traballos consistirán na mellora do trazado (con varias curvas na actualidade), dun tramo de 600 metros entre os concellos de Melide e Toques. Deste xeito o ancho da estrada pasará de ter sete metros na actualidade a ter nove nun futuro, con dous carrís de tres metros e medio e beiravías de metro e medio en ambos lados.

A auga da praia fluvial de Furelos é apta para o baño

A praia fluvial da área recreativa do río Furelos, en Melide, abriu ao público como zona de baño autorizada a comezos do mes de xullo, pese a uns primeiros análises que apuntaron á mala calidade da auga.

Non obstante, os controis realizados con posterioridade por Augas de Galicia, Sanidade e o propio Concello indican que a calidade da auga é "suficiente". Dende o Concello aseguraron que continuarán realizando analíticas todas as semanas na zona de baño e tamén en diferentes puntos do río para, en función dos resultados obtidos, continuar coa praia fluvial aberta ao público.

FESTAS NA HONRA A SANTA MARÍA

Cita obrigada coa diversión nas festas de Santa María

Teñen todo listo e non se pode faltar. Chegan as festas da Santa María de Melide, dous días de obrigado cumprimento coa troula, a festa e a diversión. Para garantir que isto sexa así a comisión deste ano ten preparadas as actuacións de varios grupos musicais para o venres 4 e sábado 5 de agosto. Haberá carpa no campo e as celebracións comezarán cunha misa o venres á unha do mediodía, para dar paso á actuación da orquestra Foliada. Pola noite tamén actuará o Trío Manhattan. Pola súa banda, a xornada do domingo contará coa celebración dunha misa á unha do mediodía e ao seu remate a actuación da orquestra Xacobeo. Ao igual que á noite. E que non se despiste ninguén porque durante o descanso da verbena tamén se realizará un sorteo dun fin de semana nun balneario.

Jesús, Fernando, Marta e Lucía forman a comisión deste ano

TALLERES PUGA

César Puga Vázquez

Tfno./Fax: 981 50 74 17
tallerespuga@yahoo.es
Santa María - 15800 MELIDE (A Coruña)

Ric
ALUMINIOS

Tfno.: 607 53 21 57
E-mail: alurico@yahoo.es

15808 STA. MARÍA
MELIDE (A Coruña)



Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
seguridad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
698 163 399

Joyería
Oro Ley
Taller propio
Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68

AVOGADAS

ANA MATO SALGADO
R/ Xesús Carro, 15 - 2º
MELIDE

IRIA EXPÓSITO CAMBA
Praza de Sto. Domingo, 28 - 3º
LUGO

Tfls.: 671 833 425 / 605 27 02 82

Laboral Penal
Herdanzas Divorcios
Hipotecas Cláusulas chan

SARÓ
Peluquería & Spa
C/ Eduardo Álvarez Carballido, nº 1-C Bajo
Tlf.: 881 97 47 87
Tahe LASER SYSTEM
LÍDERES EN CUIDAR TU PIEL
Hombre & Mujer
crioTHERAPY

CLASES EN XULLO, AGOSTO E SETEMBRO

O PEQUENO BESBELLO
ACADEMIA DE ENSINO

- TODAS AS MATERIAS
- TODOS OS NIVEIS
- GRUPOS REDUCIDOS
- AMPLITUDE DE HORARIOS

INGLÉS: DESDE OS 3 ANOS. CON PROFESORADO **NATIVO**

CIENCIAS: BIOLOXÍA, ECONOMÍA, MATEMÁTICAS, FÍSICA, QUÍMICA, DEBUXO...

LETRAS: GALEGO, CASTELÁN, LATÍN,HISTORIA, FILOSOFÍA, SOCIAIS...

IDIOMAS: FRANCÉS, PORTUGUÉS, INGLÉS, ALEMÁN, HOLANDÉS CON **NATIVO**.

TELÉFONOS: 981 505 252
609 121 554
RÚA SAN ANTONIO, nº 5 - MELIDE

FESTAS NA HONRA Á VIRXE DO CARME

Música e devoción ao longo de tres días

Chegan as Festas do Carme e na xente do pobo melidense percíbese o mesmo sentimento de tradición e respeto por unha das celebracións que máis devoción esperta.

Este ano, ao igual que en edicións anteriores, a comisión de festas traballou arreo para brindar aos veciños e visitantes tres días de troula e fervor relixioso. Non faltarán así as actuacións musicais a cargo de diferentes grupos, nin os actos para os máis fieis, entre os que destaca a tradicional procesión do día 16. Non obstante, tanto o 15 de xullo como o 17 tamén haberá misas e procesións.

Dende a comisión de festas destacan o labor sociocultural e festivo sen ánimo de lucro que desenvolven coa organización desta festividade. E é que todo o diñeiro que se recada é investido no propio pobo, de tal xeito que se fomenta o beneficio para todos.

Ser parte da tradición

Para formar parte da Confraría da Virxe do Carme de Melide, que data do ano 1741, abonda con participar nunha das misas que se celebran na capela os días 16 e 17 de xullo, así como na procesión e contribuir cunha pequena esmola. Os organizadores destacan que "relixión e celebracións festivas en Melide sempre foron da man, por iso para que o público goce e se divirta faise necesario que todos contribúan en maior ou menor medida e así celebrar máis días de festa e obter maiores beneficios para toda a comunidade".

Rede Urbana de Calor "Camiño de Santiago"

¡¡¡Auga quente por un tubo!!!

- Dispoñerá de calefacción e auga quente na súa casa *por un tubo*
- Sí..., por un tubo *que virá pola rúa* e que lle levará a auga quente dende unha sala de caldeiras central
- Un novo servizo que *lle permitirá gozar de calefacción sen ter a caldeira na casa*
- Que lle permitirá *aforrar ata un 15%* no seu gasto da calefacción
- Porque usamos *o combustible galego: a biomasa*, feita de anacos de madeira e lasca que veñen da limpeza dos seus montes veciñais
- O aproveitamento da biomasa *permitirá crear riqueza e postos de traballo na súa vila*

medancli energía

Infórmese no teléfono 981 975 040 ou no Concello de Melide

Que é unha rede de calor?

É unha rede de distribución de enerxía que, en forma de auga quente, discorre por unhas tubaxes soterradas pola rúa e proporciona *calefacción e ACS* a todos os edificios e vivendas que se enganchen a ela.

Está composta por:

- Central de produción *(constrúese unha única sala de caldeiras onde se produce auga quente mediante o aproveitamento da biomasa)*
- Rede de distribución *(a enerxía en forma de auga quente envíase aos edificios a través da tubaxe soterrada)*
- Conexión aos usuarios *(as tubaxes chegan aos edificios e conéctanse a unha subestación de intercambio térmico)*
- Instalación anterior *(son as instalacións de calefacción e auga quente da vivenda)*



- Proxecto autorizado e apoiado polo Concello de Melide
- A rede de calor poderá estar funcionando en novembro

Charamela celebrará o 29 de xullo o seu VIII Encontro Interxeracional

A Asociación Cultural Charamela de Melide celebrará o vindeiro sábado 29 de xullo a oitava edición do seu xa tradicional Encontro Interxeracional Terra de Melide. Baixo o lema "O abrazo das idades" daránse cita persoas de todas as idades nunha xornada de colaboración, traballo e entretemento.

Diversión asegurada

"Charamela quere facer do día 29 un día cheo de amizade e compañeirismo entre os nenos, mozos e adultos aprendendo uns dos outros e conseguindo ter un día de diversión para todos", así o manifestaron dende a asociación. Por iso, animan a colaborar e intervir nos diferentes actos que se van desenvolver ao longo de todo o día.

Deste xeito, todos aqueles que o desexen poderán participar nun obradoiro de cociña, nun curso de risoterapia, nunha ruta de sendeirismo e tamén no concurso "Ti si que vales", onde cada participante poderá demostrar as súas dotes artísticas.

A maiores de todo isto tamén terá lugar a actuación de Xoán Curros e Irene Ruiz, a homenaxe interxeracional e a posta en escena do sketch "Toda unha vida" a cargo da Asociación Cultural Charamela.

Inscrición

As inscricións nas diferentes actividades pódense realizar a través do correo electrónico: accharamela052@gmail.com, no Messenger de Melide Charamela ou chamando polas tardes ao 629 694 721. O prazo para anotarse remata o vindeiro 20 de xullo.

En canto ás bases de participación, no concurso "Ti si que vales"será admitida calquera modalidade ou especialidade (baile, canción, música, chistes, maxia, etc.).

Os participantes poderán concursar de forma individual, en parellas ou por grupos de non máis de 4 persoas. Pola súa banda, a actuación terá unha duración máxima de 4 minutos e o acompañamento musical será proporcionado por cada participante e entregado á organización do concurso como prazo máximo tamén o 20 de xullo. Hai que destacar que se repartirán agasallos entre todos os participantes.

Por suposto, todas as actividades son gratuitas e poderán participar persoas de todas as idades.

As obras de Gas Natural na rúa Galicia, en Melide, sacan á luz restos arqueolóxicos

As obras que está a acometer a empresa Gas Natural Fenosa en Melide permitiron o achado de restos arqueolóxicos na rúa Galicia. Trátase dun amplo tramo de pavimento, empedrado, soterrado a unha profundidade de medio metro aproximadamente, e cunha lonxitude de máis de 20 metros. Segundo os expertos podería tratarse da estrutura que conformaba o nabal da igrexa do Sancti Spiritus. Agora, segundo a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio, será o Museo da Terra de Melide o depositario dos materiais arqueolóxicos que se atopen, ao mesmo tempo que prestará asesoramento ao equipo encargado de xestionar o achado. Mentres tanto, o pavimento descuberto non quedará á vista e será protexido baixo terra cun illante téxtil e unha capa de area. Non se descarta que poidan aparecer novos restos de valor arqueolóxico.

Fotos: Museo da Terra de Melide

Melide terá unha sección da Escola Oficial de Idiomas o vindeiro curso

Segundo informou a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Melide contará cunha sección da Escola Oficial de Idiomas, adscrita á EOI da Coruña, para o vindeiro curso. Deste xeito, no próximo ano lectivo a oferta inicial será de 90 prazas en inglés e tres grupos, un de nivel básico (coñecido como A1), e dous de intermedio (B1). Nos seguintes anos implantaranse de forma progresiva os restantes niveis. Todos aqueles que estean interesados en reservar praza poderán realizar a inscrición previa por internet durante o mes de xullo a través da Escola Oficial de Idiomas da Coruña. Feita a inscrición, a matrícula realizarase no mes de setembro. Dende a Consellería tamén informaron que todos os detalles serán publicados no Diario Oficial de Galicia. A sección de Melide xogará un papel importante á hora de achegar e facilitar o estudo de idiomas aos veciños do concello e da contorna. Pola súa banda, a alcaldesa de Melide, Dalia García, sinalou que "non hai mellor maneira de honrar o medio século de vida do IES de Melide que achegando un novo servizo ao centro".

OS VECIÑOS DE MELIDE RETORNAN AO 1900 COA FEIRA DE ÉPOCA DE FURELOS

A parroquia de Furelos, en Melide, celebrou a terceira edición da súa Feira de época de 1900. Tres días de actividades que tiveron como principais protagonistas aos veciños do lugar, caracterizados como as xentes de comezos do século XX. Nesta edición tamén houbo postos de artesanía e alimentación, música, obradoiros, xogos e demostracións de oficios tradicionais. Como novidades, este ano celebrouse unha festa dos anos oitenta, un obradoiro de cerámica e unha exposición de coches organizada polo Club 600. A Feira 1900 de Furelos está organizada polo Concello de Melide en colaboración coa Asociación Cultural Charamela e o Museo Pedagóxico de Galicia.

MARÍA BARREIRO CUMPRE 104 ANOS CHEA DE VITALIDADE E ENERXÍA

Cumprir anos sempre é motivo de celebración. Pero cando se chega aos 104 faise necesaria unha homenaxe. E neste caso a homenaxeada foi María Barreiro, unha veciña de Melide que celebrou as 104 primaveras rodeada da súa familia e amigos.

A centenaria, acompañada das súas fillas, Esther e Carmen, tamén recibiu a visita da rexedora municipal, Dalia García Couso, e das concelleiras Rosa Cabado e María Jesús López, que agasallaron a María con flores e unha foto.

María Barreiro ten fillos, netos, bisnetos e unha tataraneta. Aos seus 104 anos goza dunha saúde excelente e ten unha lucidez mental espléndida.

A MOSTRA DE CANS DE CAZA TERRA DE MELIDE CONSOLÍDASE COMO REFERENTE

Foto: Concello de Melide

Melide acolleu unha nova edición da Mostra de Cans de Caza Terra de Melide con preto dun milleiro de exemplares procedentes de criadores de distintas comunidades autónomas. Así por exemplo, durante a xornada de mostra puideron verse animais orixinarios de Asturias ou Castela e León. Entre as razas, algúns belgas, franceses e españois.

Houbo premios para todos os participantes e numerosos sorteos. A concorrencia de xente consolida a mostra melidense como unha das mellores do país e como un referente para criadores.

PREMIO PARA O IES DE MELIDE NO CONCURSO CLASES SEN FUME

O Instituto de Ensino Secundario (IES) de Melide está de noraboa unha vez máis. Á concesión da Medalla de Ouro pola súa traxectoria en prol do desenvolvemento educativo e cultural da comarca, hai que sumar un novo recoñecemento. E é que o centro vén de gañar dous premios no concurso educativo para a prevención do tabaquismo *Clases sen fume*, que organiza a Consellería de Sanidade.

Deste xeito, o alumando de primeiro B impúxose na categoría de Actividade Creativa coa iniciativa "Un día soñei... un mundo sen tabaco", mentres que os de primeiro C fixéronse co segundo posto.

Clases sen fume é un concurso orientado á prevención do tabaquismo, dirixido a escolares de primeiro ciclo de ESO (de 12 a 14 anos de idade), que ten como obxectivo previr e evitar o inicio no consumo de tabaco entre os mozos e mozas galego.

O MARROQUÍ ESSAADAOUI, VENCE NA PROBA OS 21 DO CAMIÑO

O atleta marroquí Akka Essaadaoui foi o gañador da proba da media maratón Palas-Melide Os 21 do Camiño, celebrada o pasado xuño, cun tempo de case unha hora e 18 minutos, nun día no que o protagonista foi a extrema calor.

Pola súa banda, na categoría feminina a vencedora foi a galega Rocío Alvite cun tempo de algo máis de hora e media.

A media maratón Os 21 do Camiño contou nesta edición con 700 atletas inscritos que completaron a totalidade dos 21 quilómetros. Un traxecto duro entre as localidades de Palas de Rei e Melide, que nalgúns dos seus tramos discorre polo Camiño Francés á capital galega.

Ainda que a proba se celebrou pola tarde, dende a organización axudaron na tarefa de aliviar a calor con numerosos postos de bebida e refrescando aos participantes durante o percorrido con mangueiras.

CLAUSURA DO CURSO E BALANCE DE LOGROS NA ESCOLA AYUDE

Visantoña, no concello de Santiso, foi o lugar elixido para a celebración da clausura da tempada deportiva da Escola Ayude. Nenos, pais e integrantes doutros clubs de Galicia participaron no evento, no que se entregaron os premios aos mellores deportistas do ano da escola. Unha tarefa difícil debido ao cada vez máis elevado rendemento dos participantes.

En canto aos logros do final de tempada, destacar que o equipo da escola Ayude, baixo as ordes de Cora Ayude, rematou nun segundo posto na final da Liga Galega de loita olímpica, onde destacou especialmente a actuación dos irmáns Hugo e Joel Gil.

Por outra banda, Nerea Iglesias fíxose con dúas medallas de bronce no Campionato de España de esgrima para menores de 14 anos celebrado en Guadalajara. Iglesias alzouse cun dobre premio ao vencer na proba individual e por equipos.

OS MILLI RIDERS VOLVERON A RUXIR CON FORZA EN MELIDE

A quinta concentración de motoristas Milli Riders congregou en Melide a centos de afeccionados o primeiro fin de semana de xullo. O sábado celebrouse a xornada grande coa actuación destacada do grupo Mojinos Escozíos.

Unha das actividades que non faltou foi a exhibición acrobática a cargo de Paulo Martinho, que non defraudou aos espectadores congregados.

A concentración, que transcorreu toda a fin de semana entre ambiente festivo, rematou cunha ruta polos concellos da comarca.

O MOZO MELIDENSE DANI POLO, PREMIO NACIONAL DE MAXIA

Dani Polo, de 19 anos, foi o mozo máis premiado no XXXV Congreso Nacional de Maxia celebrado en Manresa, ao facerse cun premio na categoría de Maxia Xeral, co premio ABANO (Club Máxico Italiano), o premio FEAP (Club Máxico de Francia), e o premio FLASOMA (Federación Latinoamericana de Sociedades Máxicas).

E todo grazas ao seu número baseado na manipulación de parasoles de varios tamaños. Dani comezou no mundo da maxia con 9 anos e en breve estreará un espectáculo de hipnose baixo o nome "ZZZ, viajarás más allá de tu mente".

OS MELIDAOS PARTICIPAN NO CENTENARIO DE CÁNTIGAS DA TERRA

O grupo de música tradicional Os Melidaos vén de participar no acto principal que conmemora o centenario da actuación do histórico coro Cántigas da Terra no Teatro Rosalía de Castro na Coruña. Un concerto moi especial para o grupo melidense pola oportunidade que supuxo poder participar, cantar e tocar a carón dun coro polo que senten verdadeira devoción. Na actualidade, dous dos membros dos Melidaos forman parte tamén de Cántigas da Terra: Antonio Raposo na voz e Pilar Ramallal como gaiteira.

A pensión compensatoria

Eva Novás, avogada

A pensión compensatoria é unha medida prevista para evitar os desequilibrios económicos que a separación, divorcio ou nulidade produzan nun dos cónxuxes, a través da que se intenta evitar que a ruptura supoña unha inxustiza ou un considerable empeoramento da situación económica respecto á que existía durante o matrimonio. Non se trata de que as dúas partes queden exactamente igual, senón de compensar unha grande desigualdade e de garantir a quen a recibe que poderá seguir mantendo unhas condicións económicas e de vida similares ás pasadas.

Regúlase como unha medida económica tras a crise matrimonial pero esto non significa que non se poida solicitar e conceder no caso das parellas de feito se concorren as circunstancias necesarias. É fundamental ter en conta que o momento de solicitar a pensión compensatoria é no inicio da tramitación da separación ou do divorcio, nunca despois. Tratándose dunha separación ou divorcio de mutuo acordo, tamén é importante saber que se no convenio regulador firmamos a renuncia á pensión compensatoria, esta renuncia será vinculante. E no caso de acordala xa nun convenio, as partes son libres de pactar a súa duración, forma de pago e importe. A propia lei prevé que en calquera momento se poderá acordar substituír o pago da pensión compensatoria por unha renda vitalicia, o usufruto de determinados bens ou incluso a entrega dun capital en bens ou en diñeiro, nun único pago.

Se non existe acordo, a lei establece pautas para determinar a contía da compensatoria. A principal é a fortuna e os medios económicos dos que dispoña cada cónxuxe tras a ruptura, así como as necesidades de cada un. Tamén, a idade, o estado de saúde así como a cualificación profesional e as probabilidades reais de acceder a un emprego que permita a independencia económica ou un status similar ao existente durante a convivencia, ademais do tempo que durase o matrimonio ou convivencia. E, igualmente, a dedicación pasada e futura á familia ou a colaboración dun cónxuxe nas actividades mercantís ou profesionais do outro. Pensemos no caso frecuente do matrimonio no que as partes pactaron ó inicio que un deles se dedicase en exclusiva ao coidado e atención dos fillos e da familia mentres o outro traballaba fóra do fogar. Ou no caso das parellas no que un renunciou ao propio traballo ou a súa carreira profesional para colaborar no negocio ou na profesión do outro. Tamén naqueles supostos nos que o coidado e as necesidades da familia despois da ruptura sexan incompatibles co acceso a un traballo, ben por existir fillos de curta idade ou persoas dependentes.

Obviamente, a pensión compensatoria pode ser modificada e actualizada, principalmente se existe un cambio na situación económica de quen a paga ou na de quen a recibe. Tamén se pode limitar a súa duración, sendo posible que se conceda unicamente durante un prazo de tempo limitado que permita a quen a recibe atopar emprego ou independencia económica, de modo que non exista desequilibrio. Se desaparece a causa que motivou a pensión compensatoria, tamén se poderá extinguir a pensión.

Por último, compre lembrar que a obriga de pago da compensatoria non se extingue por morte de quen a debe, pois esta obriga pasaría en principio aos seus herdeiros. E tamén que si se extingue, se quen a recibe contrae novo matrimonio ou se pode acreditar que convive con outra persoa en situación semellante ao matrimonio.

Unha banda con tradición

Xosé Núñez López, escritor e Presidente de Honra da Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña

O nacemento desta banda popular de música ten en si mesmo certos visos de romanticismo, comezando porque ao avó materno deste servidor de vostedes, Ramón López Soto, tocoulle ir facer o servizo militar (por entón obrigatorio), a Castellón de la Plana, na rexión valenciana, onde as bandas de música teñen o recoñecemento e axudas económicas suficentes, que desafortunadamente faltan na nosa terra, ainda que nos guste moito escoitalas. E pasou que, como no seu rexemento había unha banda de música, tivo a feliz idea de inscribirse voluntariamente como un "educando-músico". Así, chegou a completar os estudos de solfexo suficentes para poder tocar algún instrumento.

Cando no ano de 1877 volveu licenciado da mili para a casa de seus pais, que vivían no lugar do Piñeiro, na aldea de Vilar de Ferreiros (Visantoña-Santiso), e cuxa propiedade pertencía aos señores feudais do pazo ubicado na mesma aldea; un día recibiu a grande sorpresa de ser requerido por Don Tomás Pardo, titular naquelas datas do pazo, para que fora a visitalo. Unha vez diante de Don Tomás Pardo (que non era calquera cousa naqueles tempos), este preguntoulle se era verdade que aprendera a tocar música na mili, contestándolle meu avó afirmativamente. Pero Don Tomás quixo saber algo máis, que era se sabía tocar de oído ou por solfexo, contestándolle o interpelante que era por solfexo. Foi entón cando lle dixo que tiña que formar unha banda de música.

Entón, Ramón López Soto "facendo de tripas corazón" polo respeto que representaba, e ata certo punto temor, verse diante dun personaxe de semellante categoría naqueles tempos, atreveuse a facerlle ver que a formación dunha banda de música en serio, representaba certas dificultades de tipo económico para comprar os instrumentos e tamén os uniformes. Don Tomás díxolle entón que para esas adquisicións contara con algunhas axudas, e que o importante era que comezara canto antes o recrutamento de homes que quixeran estudar solfexo (naquelas datas as mulleres non contaban para a música, nin para outras moitas cousas). Como non é este o espazo nin o medio para explicar os moitos problemas que tivo meu avó para atopar homes que quixesen estudar solfexo, cuxa historia se atopa suficientemente explicada en duas publicacións deste autor como son: "Historia da Banda de Música de Visantoña-Santiso (1877-2000)", e a patrocinada pola Deputación "1877-2007 Banda-Escola de Música de Visantoña, 130 anos de Historia ininterrumpida", con esta síntese só pretendo sumar o meu grao de area á magnífica exposición instalada na antiga casa consistorial de Santiso. Tamén quero darlle os meus máis sinceros parabéns, tanto ao señor alcalde, como a todas as persoas que traballaron arreo para acadar unha tan fermosa exposición, digna de admirar e cuxa presentación e contido, podería ser exhibido en calquera capital de provincia.

MARÍA CRISTINA MAGNÍN, MAGNÍN

“A boa atención no comercio é crucial, por iso intento que a xente estea cómoda”

O vindeiro 27 de agosto Magnín celebrará o seu primeiro aniversario, todo un soño feito realidade para a súa propietaria, Cristina, que comezou esta andaina chea de ilusión. O nome da tenda coincide co seu apelido, pero tamén co espírito optimista e vital co que recibe a cada clienta. Despois de toda unha vida na Arxentina dedicada ao sector das vendas, hai quince anos aterrou en Melide onde remataría abrindo as portas do seu propio negocio. Unha tenda de roupa para muller que destaca pola súa variedade de estilos, talles, prezos e por suposto, pola boa atención ao cliente.

- Que foi o que a impulsou a montar a tenda?.
-Cristina Magnín (C.M.): Namentres vivín en Bos Aires sempre me dediquei ás vendas porque é a miña paixón. Cando cheguei aquí traballei en cousas diferentes e despois de estar dez anos noutra tenda de Melide decidínme a emprender. Acababa de quedarme sen traballo e isto era o que máis me gustaba facer, así que me lancei sen pensalo. Hai que probar sen medo.

- Que balance fai de todo este tempo?
- C.M.: Pois sei que cometín numerosos erros e que teño moito que aprender e moito que corrixir ainda, pero en xeral o balance é moi positivo. Despois de case un ano coa tenda aberta estou satisfeita co traballo realizado, contenta, agradecida e tamén sorprendida pola boa acollida. E por suposto sempre aberta a escoitar as demandas do público.

- Que destacaría vostede de Magnín?
- C.M.: Principalmente a diversidade e a boa atención. Unha persoa que entre aquí a comprar poderá atopar roupa tanto para o día a día como para un evento. Eu intento ter un pouquiño de todo e para todos os gustos. Iso en canto a variedade, e despois hai que intentar que o cliente se sinta sempre a gusto e cómodo. Iso é do máis fundamental traballando de cara ao público.

- Fala vostede de variedade en canto a roupa. Ocorre o mesmo cos talles e prezos?
- C.M.: Sí. Traballamos dende o talle 36 ata o 54. Dentro diso hai roupa urbana, casual, para un día calquera, roupa máis de señora, máis clásica, e por suposto tamén roupa de festa para eventos como pode ser un bautizo ou unha comuñón onde queiras ir arranxada, pero non excesivamente pomposa, e tamén para eventos máis de cerimonia como por exemplo unha voda. En canto a prezos hai para todas as posibilidades económicas, dende un vestido por corenta euros ata outras prendas de prezos máis elevados. Penso que podes atopar de todo porque traballamos unha ampla variedade de marcas tanto a nivel nacional como estranxeiro. E tamén temos complementos.

Cristina Magnín cun dos modelos de cerimonia que podemos atopar na súa tenda

“En Magnín podes atopar roupa de talle 36 ata o 54 e de diferentes estilos”

“Sorprendeume gratamente o coqueta que é a muller galega porque sempre vai arranxada”

- É de ideas fixas o seu público ou déixase aconsellar?
- C.M.: Hai de todo, pero a maioría da xente, case che diría un noventa por cento si que che pide que os asesores. Moitas veces imos de compras cunha idea fixa do que queremos ainda que non sexa o que mellor nos senta. Por iso eu intento que proben a roupa, para que se vexan, e a verdade é que a maioría deixase aconsellar. Tanto a xente máis nova como a maior.

- Que é o que máis demanda está a ter?
- C.M.: No mes de maio e durante o estío sobre todo para cerimonia e festa. Ainda que sempre hai alguén que compra para renovar o seu armario.

- Falemos de tendencias. Que é o que se vai a levar este ano?
- C.M.: Este verán lévase moito o vestido largo, os pantalóns *culottes*, que son anchos pero curtos, tamén as levitas, o *top* curto, os plisados, as pezas asimétricas e tamén as mangas acampanadas. E en canto a cores destaca principalmente o amarelo e o rosa. Pero tamén o branco e negro e os estampados varios de tipo mariñeiro ou mesmo floral. Para o inverno adiántoche que vén moito o rosa e o verde militar.

- Que básicos non poden faltar no noso armario?
- C.M.: Fundamentalmente un pantalón negro, un vaqueiro que sente ben, unha camisa branca, unha cazadora de pel e un bolso de boa calidade xa te sacan de calquera apuro.

- Que diferenza destacaría de traballar na moda en Bos Aires a traballar en Melide?
- C.M.: O que máis me sorprendeu ao chegar foi ver que a muller aquí é moi coqueta. Sempre lle gusta ir arranxada ainda que sexa para o día a día. E o que máis me gusta é que ainda sigo notando iso.

- Como valora as actuacións da asociación de empresarios (Asetem)?
- C.M.: Realizan un labor que nos favorece aos comerciantes en todo. Podemos expoñer as nosas ideas e ademais realízanse moitas actividades. Por exemplo, o da Noite Aberta foi fermosísimo porque o ambiente que había na rúa ese día era incrible, e ver que todos participamos e apostamos por que a xente merque no comercio local anima a seguir colaborando. Penso que á hora de formar parte da asociación todo son beneficios.

MAGNÍN
Tlf: 881 998 449
Rda. da Coruña, 32

Sabadell

CCA Melide
CentroComercialAbierto
ASETEM

Una cosa es decir que trabajamos en PRO de su negocio.
Otra es hacerlo:

Cuenta Expansión Negocios PRO.

Te abonamos el 10% de tu cuota de asociado*

1 / 6

Este número es indicativo del riesgo del producto, siendo 1/6 indicativo de menor riesgo y 6/6 de mayor riesgo.

Banco de Sabadell, S.A. se encuentra adherido al Fondo Español de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito. La cantidad máxima garantizada actualmente por el mencionado fondo es de 100.000 euros por depositante.

0 comisiones de administración y mantenimiento.[1]

\+ **Gratis** Una tarjeta de crédito y una de débito por titular y autorizado.

\+ **TPV** Terminal punto de venta en condiciones preferentes.

\+ **Gratis** Servicio Kelvin Retail, información sobre el comportamiento de tu negocio.[2]

Y muchas más ventajas. La **Cuenta Expansión Negocios PRO** es la cuenta pensada para que despachos profesionales, autónomos, comercios y pequeñas empresas se hagan grandes.

Llámanos al 902 383 666, identifícate como miembro de tu colectivo, organicemos una reunión y empecemos a trabajar.

Las excelentes condiciones arriba mencionadas de la Cuenta Expansión Negocios PRO se mantendrán mientras se cumplan los requisitos establecidos en el contrato. Actualmente, como mínimo se debe cumplir uno de los siguientes requisitos: un cargo en concepto de emisión de nómina, un cargo en concepto de seguros sociales, un cargo en concepto de impuestos o dos cargos en concepto de recibos. Estos requisitos son de cumplimiento mensual: si al tercer mes no se cumplen estas condiciones, automáticamente la Cuenta Expansión Negocios PRO pasará a ser una Cuenta Profesional.
* Hasta un máximo de 50 euros anuales por cuenta, con la cuota domiciliada. El abono se realizará durante el mes de enero del año siguiente.
1. Rentabilidad: 0% TAE. {Campanya_var_ServNoFinan} CRISTALWARE CONSULTING SERVICES S.L.U. es la entidad encargada del servicio de orientación jurídica telefónica y PEOPLE VALUE, S.L. es la entidad encargada del servicio de descuentos y beneficios. Los citados servicios serán prestados de acuerdo con las condiciones que dichas entidades tengan establecidas en cada momento, sin intervención ni responsabilidad alguna de Banco de Sabadell, S.A. El banco es ajeno a cualquier incidencia y/o circunstancia derivada o relacionada con la prestación de los servicios, los cuales, en todo caso, están sujetos a que se mantengan vigentes los acuerdos suscritos entre el banco y las indicadas entidades. El servicio de orientación jurídica telefónica no abarcará las cuestiones o posibles incidencias de la actividad del cliente que puedan afectar a sus relaciones con empresas del grupo Banco Sabadell, filiales o participadas.
2. Contarás con un servicio periódico de información actualizada sobre el comportamiento de tu comercio, tus clientes y tu sector, para ayudarte en la toma de decisiones.

bancosabadell.com

Captura el código QR y conoce nuestra news 'Professional Informa'

Documento publicitario. Fecha de emisión: Julio 2017
Condiciones revisables en función de la evolución del mercado. Serán de aplicación las que estén en vigor en el banco en el momento de la formalización.